

## Libros para ler debaixo do parasol

X. M. Espi

A seguir ofrecémosche, lector, unhas cantas suxestións seleccionadas de entre actualidade literaria galega. Poden se estes ou poden ser outros, mais non esquezas os libros na equipaxe de verán, os libros que leves acompañarante e dirán de ti, non os levar tamén.

### Idades máis novas

A denominada literatura infantil-xuvenil é hoxe un segmento lector que ofrece un amplo abano de posibilidades de características ben diferentes, entre esas inclúense as de contar con libros axeitados a rapaces que aínda non saben ler. Non revisten tanta importancia os títulos como o feito de que os cativos se afagan ao contacto e convivencia cos libros, con todo poden probar con estes tres: *Quero xogar*, de Baía Edicións, *Recursos e actividades para ler e escribir*, do Colectivo Bubela, en Sotelo Blanco; ou, os *Monta-contos*, de Baía Edicións. Doutra banda os títulos clásicos son sempre aposta segura, como a extensa gama de aventuras de *Os Bolechas*, agora tamén con xogos para aprender a vida. Xa para idades máis avanzadas, proben un autor de contrastado prestixio, ve-laí *A noite dos animais*, de Agustín Fernández Paz, na colección *Árbore*, de Galaxia. Arredor dos doce anos e a partir deles, unha autora actual, Helena Villar Janeiro con *Raúl*, na mesma colección de Galaxia, que tamén a dos *Dez contos de Andersen*, ou senón, outro título clásico, *Polos mares do sur*, de Jack London, na colección xuvenil de Sotelo Blanco.

No tramo da adolescencia, cando máis complicado se fai atinar con títulos que lles interesen, acadamos outra volta a títulos clásicos. Xerais, na colección *Fóra de Xogo*, traduciu dous títulos moi interesantes dun autor im-



Xosé Luis Méndez Ferrín, Anxos Sumai e Xosé Miranda.

aqueles lectores afectos á arte culinaria, que ben poden acompañar/regar con *Reserva especial*, de Xosé M. García Trigo. Seguindo en Galaxia, temos *A república dos soños*, a magna obra dunha das escritoras brasileiras fundamentais, Nélida Piñón, de quen Candeia edita, pola súa parte, *Voces do desterro*.

Os que prefiran lecturas curtas, poden acudir a *Marido e outros contos*, de Lidia Jorge, en Xerais, *Coma se non existise*, de Slavenka Drakulic, tamén en Xerais.

Para os que prefiran lectura con meirande compoñente evasiva ve-laí *Sede en Ourense*, de Uxía Casal; na mesma editora están os contos de Ramón Caride que levan por título *Dedre*; en

A Nosa Terra temos o relato longo de Miguel Anxo Fernández *O sangue dos cortiña* e en Toxosoutos, de David Pérez Iglesias, *Cando veña a noite*, unha novela ambientada no XIX moi ben traballada, de moito interese, que sorprenderá, como *Caixa de mixtos*, a novela de Patricia A. Janeiro que publica na súa colec-

Cando as viravoltas políticas deparan novidades, adoita espertar o interese polo ensaio.

Blanco, tamén editora de *Occidencia* (de Xoán C. Rodríguez), título especialmente indicado para os amantes da brevidade, da mensaxe curta e lostregueante.

Salvadas as diferenzas entre lecturas de longo alento e lecturas lixeiras, o título que non debe faltar é *As galeras de Normandía*, a engaiolante prosa de Ramón Loureiro que editou Xerais. Noutra orde de cousas, que aínda non se puxera ao día e queira informarse da vida e figura de Lorenzo Varela, que non deixe de ler, de Antón Lopo e en Galaxia, *As tres mortes de Lorenzo Varela*; e en Toxosoutos poden atoparse dous títulos *Mitos e lendas celtas*, de Eoin Nesson, e *Contos e lendas dos países celtas*, de J. Markale moi en sintonía co gusto actual pola mitoloxía e cultura popular.

### Ensaio

Cando as viravoltas políticas deparan novidades, adoita espertar o interese por estudos que informen, que nos poñan ao día no novo contexto, títulos como *Outra idea de España* (Xerais) coas reflexións saídas da pluma de Suso de Toro, crónicas que completan e amplían as anteriores entregas de *Nunca máis Galiza á intemperie* e *Españois todos*. En *Os movementos de resistencia fronte á globalización capitalista* tamén

nos a análise e perspectivas de futuro dos movementos antiglobalización na autorizada análise dun dos politólogos máis prestixiosos do Estado, de expresión clara e concisa, cun apéndice onde ampliar información. Doutra banda, *Vitorino Pérez Prieto*, tamén en Xerais, examina alternativas ao pensamento único en *Contra a síndrome N.N.A.*, e Xavier Vence, en *A Nosa Terra*, analiza a política neoliberal en *O fracaso neoliberal na Galiza*. María do Cebreiro Rábade Villar en *As terceiras mulleres* achéganos a unha maneira nova de entender a subxectividade feminina e a creación artística e literatura feita por mulleres.

### Poesía Imprescindíbel

*Poesía inglesa e francesa* (vertida ao galego por Plácido Castro, Lois Tobío, F.M. Gurriarán), en Galaxia, achéganos poeta e poesía de coñecemento imprescindíbel, como imprescindíbel é tamén o coñecemento que Dario Xoán Cabana nos ofrece na súa *Antoloxía do doce estilo novo*, que é algo máis que os coñecidos Dante, Cavalcanti ou Guido Guinizelli, o iniciador. Mais imprescindíbel é tamén a poesía de Méndez Ferrín, de actualidade con dous títulos: *Era na selva de ECM* e *me sinto a súa poesía*